

EXTRACTO da Resolución do 25 de agosto de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI451B).

BDNS (identif.): 000000.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución as mulleres vítimas de violencia de xénero que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que acrediten a súa situación por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

En todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida no prazo dos 24 meses anteriores ao cambio de residencia.

Para os efectos desta resolución tamén terán a condición de vítima de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por *interposita persona*.

b) Que cesasen a relación de convivencia co seu agresor.

c) Que a media dos ingresos brutos mensuais da solicitante non supere o límite do importe de 3,5 veces o IPREM vixente nos 6 meses anteriores á data de presentación da solicitude.

2. As axudas recollidas na presente resolución recoñeceranse cando o traslado se producise con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.

Segundo. *Obxecto*

Estas axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e a súa finalidade é facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero cando, a causa desa situación, se vexan obrigadas a cambiar a súa residencia habitual como consecuencia da súa contratación por conta allea ou establecemento por conta propia.

(Escribir a dous espacios)

Terceiro. Tipos de subvencións

Serán subvencionables os seguintes tipos de gastos:

1. Gastos de desprazamento.
2. Gastos de transporte de mobiliario e enxoval.
3. Gastos de aloxamento.
4. Gastos de escolas infantís e de atención a persoas dependentes.

Cuarto. Bases reguladoras

Resolución do 25 de agosto de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI451B).

Quinto. Importe

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de corenta mil euros (40.000,00 €).

O financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2023.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2023.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2023

Sandra Vázquez Domínguez

Secretaria xeral da Igualdade